

II. AUTORIDADES E PERSOAL

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución do 13 de xullo de 2010 pola que se nomean os membros da comisión de valoración para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia.

En aplicación do previsto no artigo 35.1º da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en virtude do establecido no artigo 9º da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 31 de marzo de 2010 (DOG nº 61), que establece a composición da comisión de valoración encargada da avaliación das solicitudes e conforme as designacións que nese sentido realizou o conselleiro competente en materia de urbanismo e medio ambiente, e o director xeral de Industria, Enerxía e Minas,

RESOLVO:

Primeiro.-A comisión de valoración quedará constituída coa seguinte distribución:

Presidente:

-Eliseo Diéguez García, director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Secretaria:

-María José Mijares Coto, subdirectora xeral de Recursos Minerais.

Vogais:

-Emérito Freire Sambade, director do Departamento de Enerxía e Planificación Enerxética do Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

-Carlos Gómez Martínez, subdirector xeral de Enerxía, da Consellería de Economía e Industria.

-Mª Raquel Carballido Reboredo, enxeñeira técnica industrial no Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética, funcionaria da Consellería de Economía e Industria.

-Norberto Penedo Rey, subdirector de Xestión de Proxectos do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe).

-Francisco Menéndez Iglesias, xefe de sección de xestión da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

-Eduardo Sobrino Rodríguez, subdirector xeral de Urbanismo.

Segundo.-Notificar esta resolución aos membros da comisión e proceder á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2010.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 116/2010, do 8 de xullo, polo que se crea un colexio de educación infantil e primaria no concello de Arteixo (A Coruña).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31 establece que é competencia plena da comunidade autónoma galega a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; competencias e funcións que o Decreto 332/2009, do 11 de xuño, no seu artigo 1, atribúe á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

De conformidade coa Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é necesario racionalizar a oferta educativa no centro urbano e o contorno do concello de Arteixo (A Coruña), no que se está a producir un constante incremento de alumnado que solicita praza na educación infantil e primaria.

Para atender as necesidades educativas do Concello de Arteixo, créase un novo centro por desagregación do CEIP Ponte dos Brozos da mesma localidade, que se atopa sobrecargado de alumnado e unidades.

Por todo o exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día oito de xullo de dous mil dez,

DISPOÑO:

Artigo único.

1. Crear o colexio de Educación Infantil e Primaria de Arteixo, código 15032716, por desagregación do CEIP Ponte dos Brozos da mesma localidade.

2. O centro terá a seguinte composición: 9 unidades de educación infantil e 18 de educación primaria.

Disposición adicional

O profesorado adscrito, con carácter definitivo, ao CEIP Ponte dos Brozos, poderá adscribirse voluntariamente, de forma definitiva, ao novo centro nun número igual ao de prazas que se creen por cada especialidade, aplicando os criterios que establece o artigo 3.2º do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda de destino definitivo polo persoal funcionario docente que presta servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo de antigüidade no centro en función das causas de acceso a el.

No suposto de que o número de persoas que solicitan a adscrición ao novo centro sexa inferior ao de prazas que se extinguen, aplicaranse os criterios que establece o artigo 3.1º do mencionado decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para adoptar as medidas necesarias para o cumprimento do que dispón este decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, oito de xullo de dous mil dez.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Resolución do 28 de xuño de 2010, do Departamento Territorial da Coruña, pola que se adjudica o financiamento dos proxectos de fomento do uso do galego dos equipos de normalización e dinamización dos centros de ensino privados de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o ano 2010, ao abeiro da resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística do 10 de decembro de 2009 (Diario Oficial de Galicia, do 11 de xaneiro de 2010).

A xefa territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, despois de ver a proposta formulada pola comisión ao abeiro do artigo 9.1º, que fiscalizou a Intervención Territorial Delegada, e delegadas as competencias, resolve adjudicar as cantidades propostas que se reflicten a continuación.

Expediente	NIF	Centro e titularidade	Concello	Concedido €
CPR001	R1500051F	CPR Nosa Señora do Rosario	Arzúa	353
CPR002	R1500051F	CPR Nosa Señora do Carme	Betanzos	490
CPR003	B15956451	CPR Manuela Rial Mouzo	Cee	452
CPR004	R1500051F	CPR A Grande Obra de Atocha	Coruña, A	839
CPR005	R1500127D	CPR Calasancias	Coruña, A	452
CPR006	R1500035I	CPR Calasanz-PP Escolapios	Coruña, A	839
CPR007	G15341605	CPR Compañía de María	Coruña, A	817
CPR008	R1500090D	CPR Escravas S. Corazón de Xesús	Coruña, A	572
CPR009	32301687G	CPR Fogar Santa Margarida	Coruña, A	559
CPR010	R1500116G	CPR Franciscanos	Coruña, A	593
CPR011	R1500101I	CPR Fillas de Xesús	Coruña, A	632
CPR012	B15762677	CPR Karbo	Coruña, A	366
CPR013	J15526619	CPR Liceo La Paz	Coruña, A	710
CPR014	R1500119A	CPR López y Vicuña	Coruña, A	404
CPR015	R1500071D	CPR Maristas-Cristo Rei	Coruña, A	598
CPR016	R1500098G	CPR Salesianos-San Xoán Bosco	Coruña, A	581
CPR017	F15122294	CPR Andaina	Culleredo	778
CPR018	A15127137	CPR A Ponte Pasaxe	Culleredo	344
CPR020	F15696917	CPR Ludy	Ferrol	323
CPR021	R1500001A	CPR Sagrado Corazón-Mercedarias	Ferrol	490
CPR022	R1500074H	CPR Santa Xoana de Lestonac	Ferrol	525
CPR023	R1500087J	CPR Xesús Mestre	Ferrol	473
CPR024	F15043755	CPR Ayala	Narón	421